



BOP

XOVES, 1 DE AGOSTO DE 2019

N.º 175

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Concello de Mondoñedo solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.66955.

As obras solicitadas consisten na execución do proxecto de sinalización de rutas para bicicletas todoterreo (BTT) na zona de policía do río Masma e afluentes; en varias parroquias do concello de Mondoñedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Mondoñedo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 23 de xullo de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2318

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Pablo Míguez Chao e Fátima Franco Oca solicitan de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.62318.

As obras solicitadas consisten na construción dunha vivenda illada na parcela con referencia catastral 9292644PJ0399S0001EB, na zona de policía do rego de Mosende e dun rego innominado, ámbolos dous da bacía do rego Escourido; no lugar de Fontao, na parroquia de Suegos, no concello do Vicedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello do Vicedo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 22 de xullo de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2319

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución de 16 de xullo de 2019 da xefatura territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento de actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica "LAT 132 kv - parque eólico Serra do Oribio - Subestación Triacastela" nos concellos de Samos e Triacastela. (expediente 017/2005-AT)

Con data 13 de febreiro de 2019, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas ditou resolución pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Eléctrica as autorizacións administrativas previa e de construción, declárase a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica denominada “LAT 132 kV - Parque Eólico Serra do Oribio - Subestación Triacastela” nos concellos de Samos e Triacastela.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 de 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou a adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación aos efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa de 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a todas as persoas afectadas cos que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se inclúe como anexo á presente resolución e que tamén se publica no taboleiro de anuncios do concello de Triacastela, deducida da que se someteu a información pública no diario “El Progreso” de 16 de setembro de 2006 e no Diario Oficial de Galicia de 18 de setembro de 2006 para que comparezan o próximo 30 de agosto de 2019 no concello de Triacastela, sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento de actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na que se sinalará día e hora para o levantamento de actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Triacastela, estará exposta a data do levantamento de actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por persoa debidamente autorizada, aportando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta a (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírtese a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento de actas previas, para os únicos efectos de emendar os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente, para os efectos que determina o artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, intentada a notificación, non se puidese realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 16 de xullo de 2019.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 2320

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Resolucións da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 24 de xullo de 2019, sobre nomeamento dos membros da Xunta de Goberno e delegacións para as áreas nos Deputados Provinciais, que textualmente din o seguinte:

“De conformidade co sinalado nos arts. 61.2, 72 e 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; e en virtude das facultades que me confire o art. 58 do Regulamento Orgánico da Corporación, en relación co 35.1 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e art. 104.4 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia,
RESOLVO:

Nomear membros da Xunta de Goberno, ós seguintes Deputados Provinciais:

- D. José Tomé Roca
- Dna. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- Dna. M^a del Pilar García Porto
- D. Pablo Rivera Capón
- Dna. Mayra García Bermúdez
- D. Roberto Fernández Rico
- D. Xosé María Arias Fernández
- D. José Luis Raposo Magdalena
- Dna. Mónica Freire Rancaño

O Presidente poderá delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta, de conformidade co disposto no art. 35.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; art. 63.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 59 do Regulamento Orgánico da Corporación.

Déase conta do presente Decreto ó Pleno da Corporación, notifíquese ós interesados, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

“De conformidade co disposto no art. 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en relación co art. 72 do Regulamento Orgánico desta Excma. Deputación de Lugo; 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **RESOLVO:**

Primero.- Conferir delegación para as áreas que se citan a continuación ós seguintes Deputados Provinciais:

AREA DE XESTIÓN TERRITORIAL, D. José Tomé Roca que asumirá directamente as materias de Vías e Obras, Parque Móbil e Unidade de Proxectos.

AREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO, D^a. M^a del Pilar García Porto que asumirá directamente as materias de Goberno Interior, Asuntos Xerais, Recursos Humanos, Promoción do Territorio e Turismo.

AREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, D. Pablo Rivera Capón que asumirá directamente as materias de Proxectos Europeos, Innovación e TIC ´s, Transparencia, Emprego e Benestar Social.

AREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, D^a. Mayra García Bermúdez.

AREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, D. Roberto García Pernas.

ÁREA DE MULLER E IGUALDADE, D^a. María Loureiro García.

AREA DE COOPERACION E ASISTENCIA AOS CONCELLOS, D. Xosé María Arias Fernández

AREA DE FORMACIÓN, ENSINO, E ECONOMÍA DO COÑECEMENTO, D^a. Ana M^a González Abelleria.

AREA DE MEDIO AMBIENTE, D. José Luis Raposo Magdalena.

AREA DE RECURSOS SOSTIBLES, D. Roberto Fernández Rico que asumirá directamente as materias de Centro de Recría e Finca Gayoso Castro e Finca Pazo de Tor.

AREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA, D. Efrén Castro Caloto.

AREA DE MEDIO RURAL E DO MAR E MOCIDADE, D^a. Mónica Freire Rancaño.

AREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Segundo.- As delegacións xerais conferidas esténdense ás facultades de xestionar os servizos en xeral e en especial dirixilos e realizar propostas referentes á materia das áreas delegadas. Serán informados de todo aquilo que, aínda sendo competencia doutra Area, teña relación coa súa.

Así mesmo todos os delegados participarán, sempre que sexa posible, en Comités e Consellos e demais organismos de xestión administrativa cando a competencia destes puidera ter relación ca Area á se refire a delegación.

O Presidente reservase expresamente as facultades de ditar actos administrativos resolutorios, solventando sen máis trámite calquera conflito que se puidera presentar nas delegacións.

Déase conta do presente Decreto ó Pleno da Corporación, notifíquese ós interesados, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, a trinta de xullo de dous mil dezanove. **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca.- **A SECRETARIA**, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2365

CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

Na sesión plenaria organizativa do Concello de Antas de Ulla, celebrada o pasado día 5 de xullo de 2019, adoptáronse os seguintes acordos:

• CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

De conformidade co disposto nos artigos 20.1.b) e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e de acordo co ROM, é de existencia obrigatoria neste Municipio a Xunta de Goberno Local, que estará integrada polo Alcalde e un número de concelleiros non superior ao tercio do número legal de membros da Corporación.

Visto o disposto nos artigos 52, 53 e 112.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, propónse ao Pleno:

1.- Constituír a Xunta de Goberno Local do Concello de Antas de Ulla, que estará formada polo alcalde e tres concelleiros.

2.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros:

- D. José Robustiano Taboada Frías.
- D. Ramón Fernández García.
- D. Luís Alberto Galego Carnero.

De conformidade co disposto no artigo 43 do real Decreto 2568/1986 e artigo 61 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, o Alcalde poderá delegar as súas atribucións, salvo as referidas nos artigos 21.3 e 71 da Lei 7/1985, a favor da Xunta de Goberno Local. As delegacións realizaranse mediante Decreto de Alcaldía con dación de contas ao Pleno na primeira sesión que se celebre e publicación no Boletín Oficial da Provincia, ao abeiro do disposto nos artigos 44 e 45 do RD 2568/1986. Á vista do exposto,

“D. Javier Varela Pérez, Alcalde-Presidente do Concello de Antas de Ulla,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

1.1.- O outorgamento de licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local, coa excepción dos permisos referidos a festexos populares e acampadas cuxo outorgamento sexa competencia da Alcaldía.

1.2.- A liquidación de toda clase de tributos e demais ingresos de dereito público locais, naqueles supostos nos que a realización do feito impositivo estea estreita e inequivocamente vinculado coas competencias delegadas na Xunta de Goberno Local (isto é: licencias...).

1.3.- A aprobación de instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

1.4.- A concesión de licencias de obras e de actividade, así como a emisión dos oportunos informes que se deberán incluír nestes expedientes.

1.5.- Resolución dos expedientes de apertura e de cambio de titularidade de establecementos.

SEGUNDO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.

Mándao e asínao o alcalde, D. Javier Varela Pérez, en Antas de Ulla, a 2 de xullo do 2019.”

• NOMEAMENTO DOS TENENTES DE ALCALDE.

De conformidade co disposto nos artigos 20.1.a) e 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 62 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e o artigo 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986, os tenentes de alcalde serán libremente nomeados polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local. De dito nomeamento darase conta ao Pleno, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

Á vista do exposto,

“D. Javier Varela Pérez, Alcalde-Presidente do Concello de Antas de Ulla,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde do Concello de Antas de Ulla aos seguintes concelleiros membros da Xunta de Goberno Local este Concello:

- 1º. TENENTE DE ALCALDE: D. José Robustiano Taboada Frías.
- 2º. TENENTE DE ALCALDE: D. Ramón Fernández García.
- 3º. TENENTE DE ALCALDE: D. Luís Alberto Galego Carnero.

Aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e por orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, de conformidade co disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986.

SEGUNDO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente Resolución.

Mándao e asínao o alcalde, D. Javier Varela Pérez, en Antas de Ulla, a 2 de xullo do 2019.”

• **ATRIBUCIÓN DELEGADAS A CONC**

Á Vista do réxime xurídico aplicable en materia de Delegacións de Alcaldía nos membros da Corporación, de acordo co establecido nos artigos 43 a 45 e 114 a 118 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986, en uso das atribucións conferidas polo artigo 23.4 da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

“D. Javier Varela Pérez, Alcalde-Presidente do Concello de Antas de Ulla,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Delegar as seguintes funcións aos concelleiros que se citan a continuación:

- D. José Robustiano Taboada Frías: Concelleiro Delegado de Servizos e Obras, comprendendo a dirección interna e a xestión xeral de ditos servizos.
- D. Ramón Fernández García: Concelleiro Delegado de Medio Rural e Sector Primario.
- D. Luís Alberto Galego Carnero: Concelleiro Delegado de Persoal, Benestar, Cultura e Atención ao Cidadán.
- D. Santiago Sarandeses Sobrado: Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes.

Estas delegacións comprenden a dirección e xestión das áreas encomendadas, sen facultades de resolución mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

SEGUNDO.- A Alcaldía, en calquera momento, pode asumir as atribucións delegadas nesta Resolución, sen prexuízo da súa avocación conforme á lexislación do procedemento administrativo común.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente Resolución.

Mándao e asínao o alcalde, D. Javier Varela Pérez, en Antas de Ulla, a 2 de xullo do 2019.”

• **Periodicidade das sesións ordinariaS do Pleno E ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS.**

Co obxecto de dar o debido cumprimento ao sinalado no artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sobre sinalamento dos días e hora nos que se deberán celebrar as sesións ordinarias da Corporación en Pleno esta Alcaldía, dando cumprimento ao precepto sinalado, propón a aprobación da seguinte proposta:

- 1.- Periodicidade e horario das sesións plenarias ordinarias: o Concello en Pleno celebrará sesións ordinarias o último xoves dos meses de marzo, xuño, setembro e decembro (periodicidade trimestral), ás 13:30 horas.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde, por propia iniciativa ou a instancia dos Portavoces dos Grupos Políticos, a variar xustificadamente a data de celebración da sesión ordinaria, adiantando ou retrasando a súa celebración.
- 3.- A asignación por asistencia ascenderá á contía de sesenta euros (60,00 €).

• **Periodicidade das Xuntas de Goberno Local E ASIGNACIÓNs POR ASISTENCIAS.**

De conformidade co disposto no artigo 211 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo pleno da Corporación e sesións extraordinarias cando o decida o Alcalde-Presidente.

Á vista do exposto e ao abeiro do disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, proponse ao Pleno, se procede, a aprobación da seguinte Proposta:

- 1.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria con periodicidade bimensual, de xeito que celebrará sesións ordinarias o último xoves dos meses de febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro, ás 13:00 horas. No caso de que o xoves sexa inhábil, a Xunta de Goberno Local poderá celebrarse outro día da mesma semana así convido por unanimidade dos membros da Xunta.
- 2.- A asignación por asistencia ascenderá á contía de sesenta euros (60,00 €).

• **Delegación de competencias do pleno na Xunta de Goberno Local.**

En aplicación do disposto nos artigos 22 e 47 da Lei de Bases de Réxime Local, Lei 7/198, 5 de 2 de abril, e no artigo 64 da Lei de Administración Local de Galicia, 5/97, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno:

ÚNICO.- Que O pleno conserve a totalidade das súas competencias.

• **Aprobación da proposta de creación da Comisión Especial de contas.**

Ao abeiro do disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, no seu artigo 20, e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 59, e o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986, nos seus artigos 123 e seguintes, estímase procedente a constitución da COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS, órgano complementario de existencia preceptiva ao abeiro do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985.

Á vista do exposto, proponse ao Pleno, a adopción, se procede, dos seguintes acordos:

1.- Crear a Comisión Especial de Contas.

2.- Que, de acordo coa normativa aplicable, a composición da Comisión Especial de Contas sexa de catro concelleiros, máis o alcalde, que ostentará a Presidencia, formando parte da mesma 2 concelleiros do Partido Popular, 1 do Grupo do PSdG-PSOE e 1 do Grupo Mixto.

Así, os membros que formarán parte da Comisión Especial de Contas son:

- Presidente: D. Javier Varela Pérez (PP)
- Vogais: D. José Robustiano Taboada Frías (PP), D. Luís Alberto Galego Carnero (PP), D. José Manuel Quintá Rojo (PSdG-PSOE) e Dna. Digna Gontá Castiñeira (Grupo Mixto).

• **Nomeamento DO representante DO consello escolar: D. JAVIER VARELA PÉREZ.**

Pola Alcaldía proponse ao propio Alcalde, D. Javier Varela Pérez, como representante do Concello no Consello Escolar CEIP de Antas de Ulla.

• **Dedicacións concelleiros.**

Vistos os acordos vixentes que rixen nesta materia, relativos ás dedicacións exclusivas do alcalde e de dous concelleiros.

Visto que coa entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, se modificou o artigo 75. ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, se limita o número de membros con dedicación exclusiva, non establecendo ningún límite para as dedicacións parciais.

Visto, así mesmo, as limitacións de carácter cuantitativo que establece o artigo 75. bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, segundo a redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, e considerando o disposto no artigo 18 do Real Decreto-lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público esta Alcaldía propón:

PRIMEIRO.- Ratificar o acordo de concesión de dedicación exclusiva a D. Javier Varela Pérez, como alcalde do Concello de Antas de Ulla, mantendo a retribución de 2.568,67 euros brutos ao mes en doce pagas. A maiores, dúas pagas extras completas en xuño e decembro, ascendendo a contía bruta anual a 35.961,38 euros.

SEGUNDO.- Concesión de dedicación parcial ao 75 % ó concelleiro D. Robustiano Taboada Frías, cunhas retribucións de 1.580,00 euros brutos ao mes en doce pagas. A maiores, dúas pagas extras completas en xuño e decembro, ascendendo a contía bruta anual a 22.120,00 euros.

TERCEIRO.- Segundo o disposto no art. 18.2 do Real Decreto-lei 24/2018, de 21 de decembro, aplicarase o incremento retributivo adicional vinculado á evolución do PIB que, de acordo co art. 3.dos se aprobe para o persoal do sector público.

O importe das dedicacións actualizarase anualmente conforme ás previsións que nas Leis de Presupostos do Estado se determinen para o persoal da administración pública. Todo elo, de conformidade co réxime de incompatibilidades previsto na lei 53/84 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e demais normativa de aplicación.

• **Asignación mensual grupos políticos E CONCELEIROS.**

Pola Alcaldía proponse unha asignación de corenta euros (40,00 €), mensuais, por cada grupo político e unha asignación de sesenta euros (60,00 €), mensuais, por cada concelleiro.

• **Nomeamento membros do consello de administración da empresa pública empresarial: épica.**

Pola Alcaldía proponse nomear os seguintes membros da Corporación como integrantes do Consello de Administración da “Empresa de Promoción Integral do Concello de Antas de Ulla”:

- PRESIDENTE: D. Javier Varela Pérez.
- VICEPRESIDENTE: D. José Robustiano Taboada Frías.
- SECRETARIO: D. Santiago Sarandeses Vila.

- **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE TESOUREIRO.**

“D. JAVIER VARELA PÉREZ, Alcalde – Presidente do Concello de Antas de Ulla (Lugo)

De conformidade co establecido nos artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e nos artigos 14 e 27.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear como Tesoureiro do Concello de Antas de Ulla ao funcionario de carreira D. ALBERTO CARBALLO SÁNCHEZ, por contar coa preparación técnica axeitada e, tendo en conta, que posúe a titulación universitaria correspondente ao grupo A1.

SEGUNDO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na sesión extraordinaria organizativa da nova Corporación Municipal, que se celebrará dentro do prazo máximo de trinta días a contar dende o día 15 de xuño de 2019, e publícala no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente Resolución.

TERCEIRO.- Comunicar aos bancos, caixas e establecementos análogos nos que este Concello ten depositados os seus fondos o nomeamento de Tesoureiro aos efectos oportunos.

Mándao e asínoa o Alcalde, en Antas de Ulla, a dezanove de xuño de dous mil dezanove, do que eu, Secretaria acctal., dou fe.”

Antas de Ulla, 23 de xullo de 2019.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 2321

O CORGO

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 18 de xullo de 2019, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 11/2019, de suplementos de crédito e créditos extraordinarios, por un importe total de douscentos sesenta e tres mil trescentos euros (263.300,00 €.-), segundo de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 22 de xullo de 2019.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2322

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

De conformidade coa Resolucións da Alcaldía de 29 de xullo de 2019 faise pública as **convocatorias para a selección de persoal laboral temporal** consistente en:

Oito peóns de incendios, dous xefes de brigada de incendios e tres condutores de motobomba ao abeiro do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Folgoso do Courel para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 a xornada completa, por obra ou servizo determinado por un período de 3 meses.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Folgoso do Courel no prazo de cinco días naturais, a contar desde a publicación deste anuncio no BOP.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Folgoso do Courel e na sede electrónica: <https://folgosodocourel.sedelectronica.es>.

Folgoso do Courel.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2360

FOZ

Anuncio

Por decreto de alcaldía de data 18.07.2019 acadouse o seguinte acordo, cuxo texto íntegro reproducécese:

DECRETO DE ALCALDÍA

Vista a Oferta Pública de Emprego correspondente ao exercicio 2018, aprobada por decreto de alcaldía do 22.03.2019 e publicada no Boletín oficial da provincia de Lugo núm. 74 do 30.03.2019, de cuxo tenor se desprende a existencia dunha vacante para cubrir en propiedade no persoal municipal por mobilidade (conforme disposición adicional centésimo sexaxésimo quinta LPXE), coas seguintes características:

Grupo: C; Subgrupo: C1; Denominación: Policía Local; Subescala: Administración especial-Servizos Especiais; Núm. Vacantes: 1; Acceso: Mobilidade

Vista a providencia de alcaldía de data 02.04.2019 de incoación de expediente para a selección dun policía local funcionario de carreira por mobilidade, conforme ao artigo 35 da Lei 4/2007 do 20 de abril, de coordinación de policías locais e os artigos do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.

Visto que rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía dictará Resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as da **praza de 1 policía local**, (neste caso con indicación da causa que da lugar a exclusión), que se fará pública no BOP, na sede electrónica, no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Foz, exclusivamente.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, por medio da presente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos de **1 praza de policía local**,

ADMITIDOS:

MONTES FERREIRO RUBÉN 33346722-B

EXCLUÍDOS

RODRIGUEZ MARTINEZ JOSE MANUEL 33993301-Z. Non cumpre os requisitos do apartado 3.d das bases de convocatoria.

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas bases de convocatoria, conceder un prazo improrrogable de **dez días hábiles** para as reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP, na sede electrónica, no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Foz.

As reclamacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

TERCEIRO.- A data de celebración do concurso será o mércores día 14 de agosto de 2019

CUARTO.- Publíquese no BOP, no Taboleiro de Edictos, na sede electrónica do Concello de Foz e na páxina web: www.concellodefoz.es.

Foz, 19 de xullo de 2019.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 2323

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de data 12/07/2019, foron aprobadas as bases específicas para a selección e posterior contratación de **dous (2) Peóns de servizos múltiples e un (1) Auxiliar Administrativo** ao abeiro do disposto no Programa Depuemprego 2019, do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019 da Deputación Provincial de Lugo, en réxime laboral temporal, polo sistema de concurso-oposición.

Duración do contrato dos Peóns: 12 meses

Duración do contrato do Auxiliar administrativo: 6 meses

Prazo de presentación de solicitudes: sete días naturais, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, no rexistro Xeral do concello en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a vernés.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na páxina web do Concello www.negueira.es, no taboleiro de edictos do concello de Negueira de Muñiz e na páxina web da Deputación Provincial de Lugo (www.deputacionlugo.org)

Negueira de Muñiz, 12 de xullo de 2019.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2364

RIOTORTO

Anuncio

En relación á **DECLARACIÓN DE CONCELLEIROS/AS ELECTOS/AS SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS E DE DECLARACIÓN SOBRE BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS**, faise público que coa data que se reflicte, foron recibidas as declaracións efectuadas no modelo normalizado polos concelleiros/as electos/as que a continuación se enumeran:

CANDIDATO A CONCELLEIRO/A ELECTO	CANDIDATURA	PATRIMONIO INCOMPATIBILIDADE RECIBIDAS
CLEMENTE IGLESIAS GONZÁLEZ	P.P.	12/06/2019
JOSÉ LUIS LOURIDO LÓPEZ	P.P.	14/06/2019
MANUEL RIVAS BOUZA	P.P.	14/06/2019
MANUEL PACIO IGLESIAS	P.P.	14/06/2019
JOSÉ LUIS LORIDO CARBALLEIRA	P.P.	14/06/2019
OLGA MASEDA GARCÍA	P.P.	14/06/2019
JOSÉ GARCÍA FREIJE	PS de G - PSOE	13/06/2019
FRANCISCO FERNÁNDEZ VEIGA	PS de G - PSOE	13/06/2019
LUIS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	B.N.G.	12/06/2019

Riotorto, 23 de xullo de 2019.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 2325